

# **SEGUNDO ENCONTRO DO PROCESO ADIANTE EN OURENSE**

**DIA:** 8 XUÑO DE 2016

**LUGAR:** ANTENEO DE OURENSE

**MODERADOR:** XOSE FERENÁNDEZ BALTAR, RESPONSABLE LOCAL BNG OURENSE

**FORMATO:** ASEMBLEA ABERTA POR BLOQUES TEMÁTICOS

- PARTICIPACION INSTITUCCIONAL MUNICIPAL
- PARTICIPACION POLITICA
- POLÍTICAS ECONOMICAS E SOCIAIS PARA A GALIZA INTERIOR

## **1. PARTICIPACION INSTITUCCIONAL MUNICIPAL**

- Necesidade de recuperar para a xente os servizos municipais e remunicipalizalos
- A perspectiva da importancia do publico, como valor propio, debe manifestarse nas institucións máis próximas á xente que son os concellos.
- O prioritario sería que se evitase de xeito inmediato, non seguir privatizando servizos municipais, mentres non se atopan formular coas que remunicipalizar.
- Debemos aclarar cal é ou debe ser a actitude do BNG respecto das institucións onde está presente? E valorar en cales debemos estar ou cando non é oportuno. Debemos estar nas institucións actuar conforme á nosa ideoloxía
- A organización debese volcar máis nun traballo alternativo . Os resultados virán do lado da loita e da confrontación .
- Debese comezar a remunicipalizar aqueles servizos esenciais que mesmo marcan a lei como esenciais, aquel que cando hai folga xeral a lei obriga a manter como servizos mínimos.
- O nacionalismo debe de garantir uns servizos esenciais no ámbito municipal
- Se queremos crear un estado propio temos que sentar as bases : e ter unha folla de ruta
- Hai que recuperar o enfoque do local para tensionar.
- Temos que analizar o noso paso polos gobernos municipais e teriamos que analizar a entrada en cogobernos . E se iso serviu o acceso ao goberno para tensionar ou para diluírnos.
- As institucións son só un instrumento máis, xunto as loitas sociais.
- Temos que analizar o grao de area que podemos aportar para chegar ás institucións
- Non podemos propoñer unha cousas e que xusto no concello veciño se faga xustamente o contrario.
- Débenos quedar claro, que vamos participar nas institucións, mirar en cales (A participación en concellos parece interesante estar, non tanto nas deputacións) e a liña de participación.
- Debemos preguntarnos sobre o traballo que fixemos no ambito municipal ata o de agora:
  - Que fixemos cando gobernamos?
  - Hai hoxe máis soberanistas que antes de que gobernásemos?

- Hai que usar as institucións para xerar máis soberanistas. Isto faise xestionando pero tamén transformando.
- Carecemos de vision integral de país. Precisamos unha nova organización que traballe e que xere unha estrutura nacional que conxugue todas as políticas locais en todo o país. Que políticas que se apliquen nun concello que sexa exportadas ao resto e que xere maior coordinación municipal .
- Non se poden esquecer a cantidade de concelleiros en solitario que están tirados en solitario e pode que nin sexan militantes, simplemente se presentaron nunha coalición, e que precisan axuda e asesoramento.
- É precisa unha unificación organizativa e de criterios a nivel do ámbito local, que non quere dicir que uniformización.

## **2. PARTICIPACION POLITICA**

- Hai determinadas forma de traballo que no pasado foron validas pero que agora xa non o son .
- Temos que garantir a tensión social e un movemento social afín e que nos tire das orellas.
- Hai que establecer que tipo de relación hai entre movementos sociais e os partidos
- A participación política non é só é no partido
- Todos os movementos sociais do país foron creados polo nacionalismo, cando aquí non había. Debemos recupera ese traballo político. Os espazos sociais onde facer política (veciñal, ambiental...) foron abandonados e hai que reconstruílos.
- Aqueles movementos que incorporaban xente dende o activismo hai tempo que non o fan
- Hai que reconstruír os movementos sociais en clave política, en clave de país, e dende ahi é dende hai que construír.
- O que ten que decidir unha organización política é en que inviste os seus esforzos marcando dinámicas políticas a curto e a longo prazo.
- Hai que fuxir do activismo sectorial, hai que incidir na problemática políticas dos problemas e ir sempre cara activismo intersectorial. Para facer país e que o soberanismo creza
- Repensar a nosa participación destes momentos. A nosa a participación en plataformas dilúe o noso activismo, e obtendo escasa visualización. Obtén máis visualización outros proxectos políticos, a costa do noso traballo.
- A nosa participación en espazos colectivos será sempre pertinente se o discurso da organización é coherente, pois xerese conciencia política e transformacións social.
- Hai que ter moito máis respecto cara as organizacións sociais, sindicais e plataformas e respetar a súa autonomía
- A participación nas organizacións sociais, ten que ser activa e non meramente presencial. Priorizando os espazos sociais que traballen clave de país.

### 3. POLÍTICAS ECONÓMICAS E SOCIAIS PARA A GALIZA INTERIOR

- Os nosos análises actuais non están errados. Temos demostrados o noso acerto de análise e xerar políticas transformadoras...
- Temos que habilitar metodoloxías de traballo diferente a nivel organizativo e de coordinación. Estender, coordinar e implementar todos os nosos acertos dende unha localidade a outra. E ampliar os nos radio de acción
- Nos concellos que goberno o BNG terían que aprobarse mocións e políticas simultáneas sobre problemáticas que afecten o país, e analizar porque non estamos tendo esa visión de país.
- Hai dúas Galizas: unha litoral e outra interior, deberíase promover a solidaridade e trasladar industria do litoral ao interior, e industrializar o interior.
- Descentralizar as mobilizacións
- Planificar produtos e con sistemas de produción que se poida por ao servizo para que a xente viva aquí.
- Temos que enfocarnos nas novas realidades sociais, o nacionalismo ten un desenfoque no comportamento de agora a fai só tres anos e a aparición de novas clase sociais, precariado.
- Nos últimos proceso electorais fixemos moito fincapé en sectores como o primario que foron desmantelados e xa non hai xente afectada .
- Non se debe considerar o precariado unha clase social, senón un empobrecemento e empeoramento das condicións da clase obreira.
- Temos que transmitir a necesidade de novos xeitos de producir, e tamén transmitir a necesidade de procurar novos xeitos de vida. Vendéronnos un modo de vida que nunca vamos ter.
- Retomar a importancia dos nosos sectores estratéxicos. Como o enerxético. Tendo unha gran produción eléctrica dase pobreza enerxética.